Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 23 DE NOVEMBRO DE 2026 LUNES, 23 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 224

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación das bases do II Concurso de decoración do Nadal 2026-2027

EDICTO

A efectos de xeral coñecemento, faise público que mediante Decreto Alcaldía de data 17/11/2026, polo que se aproban as BASES DO II CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2026-2027, que se transcriben literalmente a continuación:

1. Obxecto

O Concello de Teo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos, convoca o II Concurso de Decoración do Nadal 2026-2027 «Onde a Luz Medra: Teo Brilla», dirixido aos establecementos abertos ao público das 13 parroquias do municipio.

O concurso admite decoracións exteriores e interiores e ten como finalidade promover a participación do tecido empresarial nas celebracións do Nadal, recoñecer por separado a decoración exterior e a interior dos establecementos e fomentar a creatividade e o uso de materiais reciclados ou reutilizados. Tamén se busca incorporar ás decoracións referencias á identidade, ás tradicións e ao patrimonio de Teo.

2. Participantes

Poderán participar os comercios, establecementos de restauración, aloxamentos turísticos, empresas de servizos con atención ao público e demais establecementos abertos ao público situados no termo municipal de Teo que presenten unha decoración propia.

Establécense dúas categorías independentes, ambas de participación individual:

Categoría individual de exteriores: decoración de escaparates e espazos exteriores do establecemento, nas condicións previstas no apartado 3.

Categoría individual de interiores: decoración de espazos interiores do establecemento abertos ao público, nas condicións previstas no apartado 3.

Cada establecemento poderá presentar unha proposta por categoría. Se participa nas dúas, deberá formalizar unha inscrición por cada unha e identificar os espazos e os elementos que concorren a cada categoría. As propostas valoraranse por separado e poderán obter premio en ambas as categorías. Un mesmo elemento decorativo non poderá valorarse nas dúas.

3. Proxectos de decoración

Categoría individual de exteriores

Admítense decoracións de escaparates, balcóns, ventás, portas, fachadas, leiras e xardíns do establecemento, visibles desde a vía pública ou desde espazos de libre acceso. Os escaparates concorrerán nesta categoría, aínda que os elementos decorativos se sitúen detrás do vidro, cando a proposta estea concibida para observarse desde o exterior.

Categoría individual de interiores

Admítense decoracións de zonas de venda, recepcións, salas de atención, comedores e outros espazos interiores de uso común dos establecementos abertos ao público. Os escaparates inscritos na categoría de exteriores non formarán parte da valoración dos interiores.

Os espazos interiores deberán poder visitarse de forma gratuíta durante o horario declarado na inscrición, sen obriga de compra, consumo, reserva ou contratación de servizos. Non se admitirán vivendas particulares nin dependencias de uso privado ou restrinxido.

Non será necesario que a decoración interior resulte visible desde a vía pública. A súa valoración atenderá á integración no espazo e ás condicións de acceso e observación polo público.

A decoración deberá estar relacionada co Nadal. A técnica e o estilo serán libres. Se un establecemento decora o interior e o exterior, só se valorarán en cada categoría os espazos e os elementos identificados na inscrición correspondente.

Número de anuncio 2026/7576

4. Materiais empregados

Poderanse utilizar materiais naturais, reciclados, reutilizados ou doutro tipo, incluída a iluminación. Os elementos naturais deberán ter unha procedencia legal e respectar a normativa de protección ambiental. Non se permitirá a extracción de especies ou elementos protexidos.

As instalacións deberán ser seguras e adecuadas ao espazo. A decoración non poderá bloquear accesos, saídas de emerxencia, vías de evacuación nin itinerarios accesibles.

5. Inscrición e presentación de fotografías

Unha vez aprobadas, as bases e a convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa publicidade a través da Base de Datos Nacional de Subvencións que corresponda. Tamén estarán dispoñibles na páxina web municipal, xunto cos formularios.

O prazo de inscrición será de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

A inscrición presentarase dirixida á Alcaldía a través da sede electrónica do Concello de Teo (https://sede.teo.gal/sxc/gl/). As persoas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa

Administración poderán presentala no Rexistro municipal ou polos demais medios legalmente previstos.

Achegarase o anexo I cuberto e asinado, indicando a categoría e os espazos e elementos decorativos que se presentan. Se o establecemento participa nas dúas categorías, achegarase un anexo I por cada unha. Para os interiores indicarase tamén o horario no que poderán visitarse.

Non será preciso ter a decoración montada no momento da inscrición. As persoas inscritas deberán presentar, como máximo o 15 de decembro de 2026, un mínimo de tres fotografías da decoración xa instalada por cada categoría na que participen, identificando o establecemento, a categoría e a solicitude á que corresponden. Presentaranse polos mesmos medios previstos para a inscrición.

As fotografías incluirán unha vista xeral e detalles que permitan valorar os espazos e os elementos inscritos na categoría correspondente. Se o establecemento participa nas dúas categorías, presentará as fotografías de cada proposta de forma diferenciada. Achegarase tamén unha breve descrición dos materiais utilizados, especialmente dos reciclados ou reutilizados, e dos elementos relacionados cos criterios de valoración.

A inscrición implica a aceptación das bases. A documentación e as fotografías deberán corresponder á decoración presentada nesta edición.

6. Condicións de participación

As decoracións deberán permanecer instaladas e en bo estado do 15 de decembro de 2026 ao 7 de xaneiro de 2027, ambos incluídos.

A montaxe, o mantemento e a desmontaxe serán responsabilidade das persoas participantes, así como a obtención das autorizacións que sexan necesarias para utilizar os espazos.

As decoracións exteriores deberán ser visibles desde a vía pública ou desde espazos de libre acceso. Os interiores poderán visitarse no horario declarado, respectando os días de apertura comunicados polo establecemento e sen as condicións de compra ou consumo excluídas no apartado 3.

As persoas participantes facilitarán, de ser necesario, o acceso do xurado aos espazos inscritos dentro dos horarios comunicados. Calquera modificación do horario deberá comunicarse á organización.

O Concello poderá excluír as propostas que resulten perigosas, incumpran a normativa ou non se axusten ás bases, deixando constancia motivada da decisión.

7. Entidade organizadora

A organización e xestión do concurso corresponden ao Concello de Teo, a través da Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos. A valoración das propostas corresponderá ao xurado.

As consultas e incidencias poderán comunicarse a cultura@teo.gal ou turismo@teo.gal. Estas canles non substitúen a presentación formal da documentación.

8. Xurado

Composición

O xurado estará formado polos seguintes membros:

Número de anuncio 2026/7576

Membros titulares con voz e voto

Presidencia: Beatriz Barril Romero, representante da Asociación Cultural de Artesanía de Teo (ARTENEO), interiorista, escaparatista e fundadora do proxecto Spaciob.

Vogalía 1: Sabela Liñeira Mosqueira, decoradora, interiorista e fundadora de Decorazul.

Vogalía 2: Cristina Iglesias Rodríguez, decoradora, interiorista e fundadora do proxecto Espacios (c)alma.

Vogalías sen voto con función consultiva e de apoio

Liduvina Campoamor Sánchez, técnica de Turismo do Concello de Teo.

María Viña Feás, persoal administrativo da Área de Cultura do Concello de Teo.

Suplentes

Suplente 1: Jessica López Bugeiro, responsable de Prensa e Comunicación do Concello de Teo.

Suplente 2: Diego Viña Féás, AEDL do Concello de Teo.

Funcionamento

O xurado adoptará os acordos por maioría simple. Cada membro con voto puntuará as propostas segundo o apartado 9, de forma independente para cada categoría. A puntuación final será a media das puntuacións outorgadas. Elaborarase unha clasificación por categoría.

As valoracións cuantitativas e a proposta de concesión dos premios quedarán recollidas nunha acta motivada, diferenciando os resultados de exteriores e interiores.

En caso de ausencia dun membro titular, ocupará o seu posto a primeira persoa suplente dispoñible, seguindo a orde establecida. A persoa suplente asumirá as funcións e a condición de membro con ou sen voto da persoa substituída.

Os membros do xurado deberán absterse cando concorran as causas legalmente previstas.

O xurado avaliará as fotografías e a documentación presentadas e poderá realizar visitas de comprobación cando sexa necesario. As visitas a interiores coordinaranse coas persoas participantes. As mesmas condicións de comprobación aplicaranse ás propostas que se atopen en situacións equivalentes.

A valoración deberá quedar rematada, como máximo, o 30 de decembro de 2026. A concesión dos premios corresponderá ao órgano municipal competente, á vista da proposta do xurado.

9. Criterios de valoración

Cada proposta poderá obter un máximo de 100 puntos. Os seguintes criterios aplicaranse en ambas as categorías, atendendo ás características do espazo inscrito. As propostas competirán unicamente coas da súa mesma categoría. Non se valorarán elementos doutra categoría nin se outorgará puntuación adicional por decorar tamén outros espazos do establecemento.

A.- Deseño e composición estética ata 25 puntos

Harmonía visual e integración no espazo: de 0 a 10 puntos. Calidade da montaxe e execución: de 0 a 10 puntos. Coherencia da proposta: de 0 a 5 puntos.

B.- Creatividade e orixinalidade ata 20 puntos

Elementos elaborados artesanalmente: de 0 a 10 puntos. Enfoque persoal ou distintivo da decoración: de 0 a 10 puntos.

C.- Iluminación e visibilidade ata 20 puntos

Adecuación da iluminación, natural ou artificial, ao espazo e á proposta: de 0 a 10 puntos. Facilidade para observar a decoración e integración desta nas condicións de acceso e seguridade do espazo: de 0 a 10 puntos. Non se esixirá iluminación ornamental nin visibilidade desde a rúa ás propostas interiores.

D.- Materiais reciclados ou sostibles ata 15 puntos

Proporción aproximada de materiais reciclados ou reutilizados, segundo a descrición e as imaxes achegadas: de 0 a 10 puntos. Integración estética e adecuada dos materiais: de 0 a 5 puntos.

E.- Identidade local ata 10 puntos

Inclusión de elementos culturais ou simbólicos de Teo ou da parroquia correspondente: de 0 a 10 puntos.

F.- Compoñente educativa ou comunitaria ata 10 puntos

Mensaxes ou elementos que promovan valores sociais, comunitarios, ambientais ou educativos: de 0 a 10 puntos.

Número de anuncio 2026/7576

En caso de empate, atenderase primeiro á maior puntuación en creatividade e orixinalidade; despois, á maior puntuación no uso de materiais reciclados ou sostibles. Se persiste, resolverase mediante votación motivada do xurado.

10. Premios

Categoría individual de exteriores: primeiro premio de 1.000,00 euros e segundo premio de 500,00 euros.

Categoría individual de interiores: primeiro premio de 1.000,00 euros e segundo premio de 500,00 euros.

A contía total dos premios será de 3.000,00 euros, distribuídos en 1.500,00 euros por categoría. A convocatoria deberá identificar a aplicación orzamentaria e o crédito que financia o gasto. Os premios de cada categoría poderán declararse desertos mediante motivación do xurado. A concesión dos premios resolverase de forma independente en cada categoría.

11. Entrega de premios

A entrega de premios realizarase o 5 de xaneiro de 2027, no marco da programación da Cabalgata de Reis do Concello de Teo. O lugar e a hora comunicaranse ás persoas premiadas.

12. Pagamento dos premios

1. Os premios aboaranse mediante transferencia bancaria á conta que corresponda á persoa ou entidade beneficiaria. Practicaranse as retencións que procedan segundo a normativa tributaria vixente.

2. Para tramitar o pagamento presentarase no Rexistro a seguinte documentación:

a) Anexo II de datos fiscais, cuberto e asinado.

b) Documento de identificación fiscal da persoa ou entidade premiada e, se procede, da súa representante, así como a documentación acreditativa da representación.

c) Certificado de titularidade da conta bancaria da persoa ou entidade beneficiaria.

3. Antes do pagamento comprobarase o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a ausencia de prohibicións para obter subvencións públicas. As persoas beneficiarias achegarán os certificados ou facilitarán a súa consulta nos termos legalmente establecidos.

4. A documentación deberá presentarse, como máximo, o 15 de xaneiro de 2027. A falta de presentación tramitarase conforme ao procedemento aplicable, cos requirimentos e garantías que correspondan, antes de declarar a perda do dereito ao cobramento.

5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

13. Propiedade intelectual e datos persoais

As persoas participantes declaran que dispoñen dos dereitos necesarios sobre as fotografías e demais materiais achegados e autorizan a súa reprodución polo Concello, sen exclusividade e de forma gratuíta, para a difusión e documentación deste concurso na web, redes sociais e publicacións municipais.

As fotografías centraranse na decoración. Evitarase incluír persoas identificables, especialmente menores, ou documentación e datos alleos á finalidade do concurso. Se aparecen persoas identificables, a persoa participante deberá dispoñer das autorizacións que correspondan.

O responsable do tratamento dos datos é o Concello de Teo. Os datos facilitaranse para xestionar a inscrición, valorar as propostas, comunicar e publicar os resultados e tramitar os premios e as obrigas legais de publicidade e control. Non se utilizarán para comunicacións alleas ao concurso sen unha base xurídica específica.

O tratamento realizarase no exercicio das competencias municipais e para o cumprimento das obrigas legais aplicables, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 e á Lei orgánica 3/2018. A publicación dos datos das persoas premiadas e dos importes na Base de Datos Nacional de Subvencións realizarase nos termos legalmente previstos.

Os datos conservaranse durante os prazos esixidos pola normativa de arquivo, control e responsabilidades. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, cando procedan, ante o Concello a través do Rexistro ou da sede electrónica. Tamén poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

14. Inspección e control

O Concello poderá realizar as comprobacións necesarias sobre as propostas premiadas e requirir a documentación relacionada coa participación e co cobramento dos premios, incluída a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e da ausencia de prohibicións para obter subvencións públicas.

As persoas beneficiarias comprométense a facilitar estas comprobacións e a presentar a documentación requirida, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e coa demais normativa aplicable.

Número de anuncio 2026/7576

Disposición adicional primeira

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; e a demais normativa que resulte aplicable.

Teo, 17 de novembro de 2026

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

Número de anuncio 2026/7576

Anexo I Formulario de inscrición

Concurso de Decoración do Nadal 2026 do Concello de Teo

Categoría: ☐ Individual de exteriores ☐ Individual de interiores

Cubrir unha solicitude por categoría. Se participa nas dúas, diferencie os espazos e os elementos que presenta en cada unha.

Nome ou razón social da persoa ou entidade participante:

_____

NIF: _____ Nome do establecemento: _____

Persoa representante e NIF, se procede:

_____

Espazos e elementos decorativos que se presentan nesta categoría:

_____

_____

Enderezo do espazo que se vai decorar e parroquia:

_____

Localización ou coordenadas GPS: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono: _____

Horario e días de visita gratuíta (cubrir na categoría de interiores):

_____

_____

Breve descrición da proposta e dos materiais previstos:

_____

_____

As fotografías da decoración instalada, cun mínimo de tres por categoría, e a descrición final dos materiais presentaranse como máximo o 15 de decembro de 2026, identificando esta solicitude e a categoría correspondente.

A persoa asinante declara que acepta as bases, que os datos son certos, que dispón das autorizacións necesarias para decorar os espazos indicados e que non está incursa nas prohibicións para obter subvencións públicas. Comprométese a cumprir as condicións de instalación e visita e a acreditar os requisitos para o cobramento, se resulta premiada.

Declara tamén que dispón dos dereitos sobre as imaxes achegadas e autoriza o seu uso nos termos do apartado 13. Os datos persoais trataranse polo Concello de Teo para a xestión do concurso, segundo a información recollida nese apartado.

Teo, _____ de _____ de 2026

Sinatura da persoa participante ou representante:

Á Alcaldía do Concello de Teo

Número de anuncio 2026/7576

Anexo II Datos fiscais para o pagamento

Concurso de Decoración do Nadal 2026 do Concello de Teo

Categoría: ☐ Individual de exteriores ☐ Individual de interiores

Premio concedido: _____ Importe: _____ euros

Persoa ou entidade beneficiaria:

_____

NIF: _____ Nome do establecemento ou proposta:

_____

Persoa representante e NIF, se procede:

_____

Enderezo: _____

Localidade e código postal: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono: _____

Titular da conta bancaria: _____

IBAN: _____

Documentación que se achega ☐ Documento de identificación fiscal da persoa ou entidade beneficiaria.

☐ Identificación e acreditación da representación, se procede.

☐ Certificado de titularidade da conta bancaria.

☐ Certificados relativos ás obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cando deban achegarse.

A persoa asinante declara que os datos son certos, que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non incorre en prohibicións para obter subvencións públicas. A consulta de datos e a súa acreditación tramitaranse nos termos legalmente establecidos.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, coas retencións que procedan. A documentación deberá presentarse, como máximo, o 15 de xaneiro de 2027.

Os datos persoais serán tratados polo Concello de Teo para tramitar o pagamento e cumprir as obrigas legais de publicidade e control, segundo a información do apartado 13 das bases.

Teo, _____ de _____ de 2027

Sinatura da persoa beneficiaria ou representante:

Á Alcaldía do Concello de Teo

2026/7576

Número de anuncio 2026/7576